

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución da actuación de saneamento "Colector interceptor da marxe esquerda do Río Sardiña. Tramo A Malata-Ponte da Estrada da Malata. Ferrol (A Coruña)", cofinanciada nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020

1. Antecedentes

O Concello de Ferrol ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba



o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exercéranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f))

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña. Tramo A Malata - Ponte da estrada da Malata. Ferrol (A Coruña). OH.315.1205", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O 18 de setembro de 2017 asinouse o Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución da actuación de saneamento na Malata. Concello de Ferrol (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a



través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

Este convenio estableceu as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Saneamento na Malata. Ferrol (A Coruña). OH.315.1077", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento. Durante a execución destas obras veuse como necesario a conexión da rede secundaria da marxe esquerda do río Sardiña, que desemboca na enseada da Malata. Para iso, proxéctase un ramal, denominado A Malata – Ponte da estrada da Malata, así como as actuacións necesarias para a conexión da rede secundaria da marxe esquerda do río Sardiña ao colector xeral.

As obras que se pretenden executar ao abeiro deste novo convenio son as recollidas no proxecto denominado "Colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña. Tramo A Malata - Ponte da estrada da Malata. Ferrol (A Coruña). OH.315.1205" e teñen como obxectivo dar un novo pulo para completar o sistema de saneamento da Malata, concello de Ferrol, mediante a conexión da rede secundaria da marxe esquerda do río Sardiña ao colector xeral.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento e estrutura

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a novecentos mil euros (900.000,00 €), distribuídos nas seguintes anualidades entre as partes asinantes:



EXERCICIO	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO FERROL	IMPORTE
2021	31.500,00 €	0,00 €	31.500,00 €
2022	598.500,00 €	270.000,00 €	868.500,00 €
TOTAL	630.000,00 €	270.000,00 €	900.000,00 €

Para o financiamento da súa achega, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

As actuacións do convenio serán cofinanciadas nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

O convenio ten carácter plurianual, a súa vixencia se estende ata o 31 de decembro de 2022.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(asinado dixitalmente)

